ESCOLA OBRADOIRO

"MAR DE VIGO III"

QUE É?

A escola obradoiro " Mar de Vigo III" que comenzou a súa andaina o 30 de decembro do 2005, como as dúas escolas anteriores, é un proxecto de formación e emprego promovido dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e financiado pola Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia, o Fondo Social Europeo e o propio Concello de Vigo.

A QUEN VAI DIRIXIDA?

O proxecto diríxese a mozos e mozas menores de 25 anos en situación de demanda de emprego, priorizándose aqueles/as de niveis de formación máis baixos e por tanto con máis dificultades para atopar emprego.

¿CAL É O OBXECTIVO?

O obxectivo da escola obradoiro Mar de Vigo III é formar os/as nosos/as alumnos/as traballadores/as coa finalidade de que adquiran os coñecementos e as destrezas de cada unha das especialidades, así como as actitudes e comportamentos propios do mundo laboral. Todo cunha única finalidade " aumentar as súas posibilidades de inserción laboral".

ORGANIZACIÓN

O proxecto E.O. Mar de Vigo III ten unha duración de ano e medio, dividido en tres fases de seis meses, durante as cales os/as alumnos/as traballadores/as asisten á escola cun horario de 7:30 h a 15:30 h.

A primeira fase (do 30/12/05 ao 29/06/06) ou fase de "formación" caracterízase porque está adicada á adquisición de coñecementos e destrezas elementais de cada unha das especialidades. Durante esta fase os/as alumnos/as perciben unha bolsa de 6,01 € por día asistido.

Nas outras dúas fases (do 30/06/06 ao 29/06/07) a formación altérnase coa execución do proxecto de obra, estando os alumnos/as, que superen a primeira fase contratados polo Concello de Vigo coa modalidade de "contrato de formación".

O persoal da escola obradoiro está constituido por director, titora, tres expertos docentes (un por especialidade), administrativa, conserxe-condutor, profesora de educación compensatoria e orientador/a laboral, tamén se contratan os servizos dunha enxeñería naval para realizar o proxecto construtivo así como para o seu seguimento.

ESPECIALIDADES FORMATIVAS

Impártense tres especialidades formativas

- **Carpintaría de Ribeira**: nesta especialidade preténdese que os/as alumnos/as traballadores/as adquiran os coñecementos e destrezas que os capaciten para insertarse laboralmente dentro do mundo da carpintaría naval, carpintaría de interiores, confección de modelos e carpintaría en xeral.
- **Novas técnicas de construción naval**: buscamos nesta especialidade a capacitación na profesión de laminador en poliéster

dirixida preferentemente, pero non dun xeito exclusivo, á construción naval.

- **Actividades náuticas**: preténdese conquerir nesta especialidade un perfil de profesional náutico polivalente formado en reparacións, invernaxe, manexo de pequenas embarcacións a vela e motor e confección de velas, que cubra a crecente demanda de persoas nas empresas do sector e nos portos deportivos.

PROXECTO DE OBRA

O proxecto de obra que se executará na 2ª e 3ª fase é o seguinte:

- Carpintaría de ribeira: construción en madeira e co xeito tradicional dun "galeón" dos que se adicaban ao cabotaxe nas rías galegas.
- Novas técnicas de construción naval: construción en poliéster dunha embarcación tipo cruceiro a vela pasando pola confección de modelo e molde.
- Actividades náuticas: acastillaxe das embarcacións construidas na escola, confección de velas para as devanditas embarcacións, asistencia e organización de eventos náuticos, reparacións e mantemento das embarcacións construidas nos anteriores proxectos, programas de divulgación "aulas do mar" con escolares.

MATERIAS COMPLEMENTARIAS

Paralelamente ao transcorrer das actividades formativas no eido puramente profesional, impártense na escola (con horario restrinxido) tres materias chamadas "complementarias" tal e como establece o programa de Escolas obradoiro, como apoio ao alumnado traballador no seu proceso de busca de emprego:

- **Educación compensatoria**: coa que pretendemos apoiar os/as alumnos/as que non acadaron o graduado ESO para que o intenten de novo, xa que esta titulación é importante na busca de emprego.
- **Alfabetización informática**: impartirase un módulo de informática básica de 30 h para dotar os/as alumnos/as de destrezas básicas na búsqueda de emprego.
- **Orientación, información profesional, formación empresarial**: coa que perseguimos, por un lado dotar os/as alumnos/as duns coñecementos básicos en temas como confección de currículum, estratexias cara ás entrevistas de traballo, coñecemento dos tipos de contratos, interpretación de nóminas, declaración de renda; e, por outro lado, que o/a responsable desta materia, xunto co equipo directivo da escola, establezca contacto coas empresas do sector na procura da inserción laboral.